Concello de Nigrán

# NOTA DE PRENSA

## A CORPORACIÓN APROBA OS CINCO GALARDOADOS COS 'PREMIOS NIGRÁN 2016'

**Elixe por unanimidade no ámbito cultural ao Centro Cultural e Recreativo Parada do Miñor; no educativo ao IES Val Miñor; no empresarial á Pirotecnia Argimiro Alborés; no deportivo a 'Nacho' Fernández e no social a Tapería Jose**

**A gala, na súa quinta edición, celebrarase o sábado 14 de maio ás 20.00 horas no Auditorio Municipal de Nigrán**

***Nigrán, 26/04/16.-*** O Concello de Nigrán, co consenso unánime da corporación, aprobou na xunta de voceiros de abril e no pleno de hoxe aos cinco galardoados cos Premios Nigrán 2016, cuxa gala se celebrará o sábado 14 de maio ás 20.00 horas no Auditorio Municipal. Así, nesta quinta edición serán homenaxeados no ámbito cultural o Centro Cultural e Recreativo Parada do Miñor; no educativo o IES Val Miñor; no empresarial a Pirotecnia Argimiro Alborés; no deportivo a Ignacio Fernández e no social a Tapería Jose. A selección, feita de xeito transparente entre tódolos representantes políticos e con consenso absoluto, foi realizada grazas ás propostas realizadas previamente por colectivos sociais, culturais e veciñais do municipio, a quen o goberno local agradece a súa colaboración.

O xa consolidado acto institucional pretende ser un recoñecemento público de todo o pobo de Nigrán á traxectoria dos premiados. "Son entidades e persoas que co seu traballo, constancia e esforzo contribúen a poñer en valor a Nigrán, facendo del un municipio máis amigable e do que sentirmonos orgullosos, por iso se merecen este galardón", reflexiona Juan González, alcalde de Nigrán.

comunicacion@nigran.org María Villar Andrade (618 013 373)

## OS PREMIADOS

### Cultural: Centro Cultural e Recreativo Parada do Miñor

A parroquia de Parada, a través do seu Centro Cultural e Recreativo constituído en maio de 2007, destaca pola súa aposta por preservar as mellores tradicións sociais e culturais de Nigrán. A entidade celebra actos ao longo de todo o ano que contribúen a dinamización cultural e deportiva e a manter viva a relación entre os veciños e o seu entorno. A recuperación da Rondalla de Parada do Miñor é un dos seus grandes logros, así coma a celebración do Entroido (co seu popular "Enterro do Kiko"), a Semana Cultural de Verán, o Samaín, o Magosto ou a realización de infinidade de cursos formativos. A entidade, que colabora activamente coa comunidade de montes ou a comisión de festas, é un dos mellores exemplos de como dende unha parroquia se pode por en valor todo un municipio.

### Educativo: IES Val Miñor

Primeiro instituto creado no Val Miñor en 1979 e, polo tanto, xérmolo de moitas xeracións de rapaces da comarca, caracterizándose dende a súa creación polo esforzo do seu profesorado para conseguir a mellor formación para o seu alumnado. Con este premio a corporación de Nigrán quere respaldar a Educación Pública e de calidade, xa que o IES Val Miñor é o mellor exemplo de elo.

### Empresarial: Pirotecnia Argimiro Alborés

Fundada en 1934, a señeira pirotecnia de Nigrán vai xa pola súa terceira xeración. Naceu como pirotecnia "La Moderna" na parroquia de Parada das mans de D. Argimiro Alborés García, quen deixa o oficio de zapateiro para fabricar artesanalmente foguetes de ruído, fachadas de cor e rodas de fogo

fixo. Anos despois, en 1948, se traslada a novas instalacións na mesma parroquia. En 1973 colle o testigo o seu fillo, D. Argimiro Alborés Couto, quen incorpora pequenos espectáculos de lucería. Con el remata a etapa da pirotecnia “La Moderna” e nace a actual “Pirotecnia Argimiro Alborés”. Xa en 1993 entra en escea a terceira xeración ao asumir a dirección o neto, D. Argimiro Alborés Misa, quen remodela e amplía o taller adaptándose á normativa vixente e segundo o regulamento de explosivos, incorporando ademáis un punto de venta autorizado a particulares de pirotecnia recreativa. Os seus espectáculos están presentes en todo tipo de festexos e entre as súas participacións destaca a saída da regata Cutty Sark en Vigo e a Volvo Ocean Race ou un espectáculo no Parador de Baiona ante a familia real.

**Deportivo: José Ignacio Fernández Méndez**

José Ignacio Fernández Méndez "Nacho" (Nigrán, 1980) é sen lugar a dúbidas o mellor deportista do municipio e o gran referente de España en Slalom, unha modalidade deportiva na que persoas con parálise cerebral ou discapacidade física realizan en cadeira de rodas un circuito cheo de obstáculos que deben esquivar ata completar o percorrido no menor tempo posible. Nacho, membro do clube Tamiar-Apamp, comezou a colleitar premios neste ámbito dende que se que se iniciou no ano 2002 ata consagrarse no 2014 e 2015 como campión de España na proba cronometrada. Ademáis, entre os seus méritos están tamén o récord de España en 2005, o récord nacional en 2007 e 2013 ou os tres ouros en equipos dende 2009 a 2013 . O seu afán de superación fan del non so un exemplo como deportista, se non tamén como persoa. Entre as súas ambicións está que se eliminen as barreiras arquitectónicas que lle permitan algún día acceder a un posto de traballo con total independencia.

**Social: Tapería Jose**

A Tapería Jose (Priegue) leva anos demostrando que o esforzo individual, en este caso dunha familia, pode cambiar o mundo, ou polo menos o mundo que nos rodea no día a día. No seu restaurante, a pé da praia de Prado, 60 persoas de Nigrán con dificultades poden festexar dende hai catro anos o Nadal coa máxima dignidade e con total e absoluta discrección, xa que o seu propietario rexeita calquera publicidade ou mérito ao respecto. Esa segue a ser unha das condicións para que neste día Jose e Isabel donen gratuitamente o seu traballo, a súa cociña e os seus alimentos ás persoas seleccionadas previamente polos Servizos Sociais do Concello, a quen o matrimonio traslada posteriormente unha tarxeta de invitación elaborada por eles mesmos. A súa iniciativa é apoiada por máis persoas anónimas, empresas e colectivos que donan comida ou xoguetes, xa que nenos e adultos reciben tamén o seu agasallo de Papa Noel. O único afán deste matrimonio exemplar é servir o xantar a todos aqueles que, sexa cal sexa o motivo, non poidan festexar o Nadal como os demáis veciños de Nigrán.

Concello de Nigrán

NOTA DE PRENSA

Concello de Nigrán

**NOTA DE PRENSA**

# LA CORPORACIÓN APRUEBA LOS CINCO GALARDONADOS CON LOS 'PREMIOS NIGRÁN 2016'

**Elige por unanimidad en el ámbito cultural al Centro Cultural y Recreativo Parada do Miñor; en el educativo al IES Val Miñor; en el empresarial a la Pirotecnia Argimiro Alborés; en el deportivo a 'Nacho' Fernández y en el social a Tapería Jose**

**La gala, en su quinta edición, se celebrará el sábado 14 de mayo a las 20.00 horas en el Auditorio Municipal de Nigrán**

**Nigrán, 26/04/16.**- El Ayuntamiento de Nigrán, con el consenso unánime de la corporación, aprobó en la junta de portavoces de abril y en el pleno de hoy los cinco galardonados con los Premios Nigrán 2016, cuya gala se celebrará el sábado 14 de mayo a las 20.00 horas en el Auditorio Municipal. Así, en esta quinta edición serán homenajeados en el ámbito cultural el Centro Cultural y Recreativo Parada del Miñor; en el educativo el IES Val Miñor; en el empresarial la Pirotecnia Argimiro Alborés; en el deportivo José Ignacio Fernández y en el social la Tapería Jose. La selección, hecha de manera transparente entre todos los representantes políticos y con consenso absoluto, fue realizada gracias a las propuestas realizadas previamente por colectivos sociales, culturales y vecinales del municipio, a quien el gobierno local agradece su colaboración.

El ya consolidado acto institucional pretende ser un reconocimiento público de todo el pueblo de Nigrán a la trayectoria de los premiados. "Son entidades y personas que con su trabajo, constancia y esfuerzo contribuyen a poner en valor a Nigrán, haciendo de él un municipio más amigable y del que sentirnos orgullosos, por eso se merecen este galardón", reflexiona Juan González, alcalde de Nigrán.

comunicacion@nigran.org María Villar Andrade (618 013 373)

**LOS PREMIADOS**

**Cultural: Centro Cultural y Recreativo Parada do Miñor**

La parroquia de Parada, a través de su Centro Cultural y Recreativo constituido en mayo de 2007, destaca por su apuesta por preservar las mejores tradiciones sociales y culturales de Nigrán. La entidad celebra actos a lo largo de todo el año que contribuyen a dinamización cultural y deportiva y a mantener viva la relación entre los vecinos y su entorno. La recuperación de la Rondalla de Parada do Miñor es uno de sus grandes logros, así como la celebración del Carnaval (con su popular "Entierro del Kiko"), la Semana Cultural de Verano, el Samaín, el Magosto o la realización de infinidad de cursos formativos. La entidad, que colabora activamente con la comunidad de montes o la comisión de fiestas, es uno de los mejores ejemplos de como desde una parroquia se puede por en valor todo un municipio.

**Educativo: IES Val Miñor**

Primer instituto creado en el Val Miñor en 1979 y, por lo tanto, germen de muchas generaciones de chavales de la comarca, caracterizándose desde su creación por el esfuerzo de su profesorado para conseguir la mejor formación para su alumnado. Con este premio la corporación de Nigrán quiere respaldar la Educación Pública y de calidad, ya que el IES Val Miñor es el mejor ejemplo de ello.

**Empresarial: Pirotecnia Argimiro Alborés**

Fundada en 1934, la pirotecnia referente de Nigrán va ya por su tercera generación. Nació como pirotecnia "La Moderna" en la parroquia de Parada de las manos de D. Argimiro Alborés García, quien deja el oficio de zapatero para

comunicacion@nigran.org María Villar Andrade (618 013 373)

fabricar artesanalmente cohetes de ruido, fachadas de color y ruedas de fuego fijo. Años después, en 1948, se traslada a la nuevas instalaciones en la misma parroquia. En 1973 coge el testigo su hijo, D. Argimiro Alborés Couto, quien incorpora pequeños espectáculos de lucería. Con él finaliza la etapa de la pirotecnia "La Moderna" y nace la actual "Pirotecnia Argimiro Alborés". Ya en 1993 entra en escena la tercera generación al asumir la dirección el nieto, D. Argimiro Alborés Misa, quien remodela y amplía el taller adaptándose a la normativa vigente y según el reglamento de explosivos, incorporando además un punto de venta autorizado a particulares de pirotecnia recreativa. Sus espectáculos están presentes en todo tipo de festejos y entre sus participaciones destaca la salida de la regata Cutty Sark en Vigo y la Volvo Ocean Race o un espectáculo en el Parador de Baiona ante la familia real.

**Deportivo: José Ignacio Fernández Méndez**

José Ignacio Fernández Méndez "Nacho" (Nigrán, 1980) es sin lugar a dudas el mejor deportista del municipio y el gran referente de España en Slalom, una modalidad deportiva en la que personas con parálisis cerebral o discapacidad física realizan en silla de ruedas un circuito lleno de obstáculos que deben esquivar hasta completar el recorrido en el menor tiempo posible. Nacho, miembro del club Tamiar-Apamp, comenzó a cosechar premios en este ámbito desde que se que se inició en el año 2002 hasta consagrarse en 2014 y 2015 como campeón de España en la prueba cronometrada. Además, entre sus méritos están también el récord de España en 2005, el récord nacional en 2007 y 2013 o los tres oros en equipos desde 2009 a 2013 . Su afán de superación hacen de él no solo un ejemplo como deportista, si no también como persona. Entre sus ambiciones está que se eliminen las barreras arquitectónicas que le permitan algún día acceder a un puesto de trabajo con total independencia.

comunicacion@nigran.org María Villar Andrade (618 013 373)

**Social: Tapería Jose**

La Tapería Jose (Priegue) lleva años demostrando que el esfuerzo individual, en este caso de una familia, puede cambiar el mundo, o por lo menos el mundo que nos rodea en el día a día. En su restaurante, a pie de la playa de Prado, 60 personas de Nigrán con dificultades pueden festejar desde hace cuatro años la Navidad con la máxima dignidad y con total y absoluta discrección, ya que su propietario rechaza cualquier publicidad o mérito al respeto. Esa sigue siendo una de las condiciones para que en este día Jose e Isabel donen gratuitamente su trabajo, su cocina y sus alimentos a las personas seleccionadas previamente por los Servicios Sociales del Ayuntamiento, a quien el matrimonio traslada posteriormente una tarjeta de invitación elaborada por ellos mismos. Su iniciativa es apoyada por más personas anónimas, empresas y colectivos que donan comida o juguetes, ya que niños y adultos reciben también su regalo de Papa Noel. El único afán de este matrimonio ejemplar es servir el almuerzo a todos aquellos que, sea cuál sea el motivo, no puedan festejar el día de Navidad como los demáis vecinos de Nigrán.